2. A Coroa. As Cortes Xerais. O Poder Xudicial. O Consello Xeral do Poder Xudicial. Organización xudicial española
3. O Goberno e a Administración. Principios de actuación da Administración Pública. A Administración Xeral do Estado. As Comunidades Autónomas: especial referencia a Estatutos de Autonomía. Administración Local. Administración Institucional
4. O Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura y contido
5. Sometemento da Administración á Lei e ao dereito. Fontes do Dereito Administrativo. A Constitución. A Lei. As disposicións normativas con forza de Lei. O regulamento. O costume. Os Principios Xerais do Dereito. A Xurisprudencia do Tribunal Supremo. Os Tratados Internacionais.
6. A relación xurídico- administrativa. Concepto. Suxeitos: a Administración e o Administrado. Capacidade e representación. Dereitos do administrado.
7. O acto administrativo: Concepto e clases, elementos, eficacia e validez, notificación e publicación. O procedemento administrativo: concepto, principios, termos e prazos. Fases do procedemento .0
8. A revisión dos actos administrativos.
9. A revisión dos actos administrativos. Os recursos administrativos.
10. Procedemento administrativo Local. Rexistro de entrada e saída de documentos. Comunicacions e notificacións
11. O Réxime Local español: evolución histórica. Principios constitucionais e regulación xurídica. Relacións entre entes territoriais. A autonomía local.
12. A Provincia no réxime Local. Organización provincial. Competencias.
13. O Municipio. O termo municipal. A Poboación e o empadramento. Competencias. Organización municipal.
14. A Illa Outras Entidades Locais: Entidades de ámbito territorial inferior ao municipio. Especial regulación da Lei 4/2019 do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
15. Funcionamento dos órganos colexiados locais. Réxime de sesión e acordos. Actas e certificacións de Acordos.
16. Os bens das Entidades Locais. Bens de dominio público: concepto, clasificación, adquisición, uso, aproveitamento e gozo. Bens Patrimoniais: concepto, clasificación, uso e alleamento

17. Los contratos administrativos en la esfera local. Elementos: suxeitos, causa y forma. A adxudicación dos contratos. La formalización de los contratos. Especial referencia á contratación O persoal ao servizo das Administracións Públicas. Organización da Función Pública Local
18. Adquisición e perda da condición de funcionario. Situacións administrativas. Incompatibilidades. Dereitos e deberes.
19. As facendas locais. Clasificación dos ingresos. Ordenanzas Fiscais.
20. Relacións electrónicas entre as Administracións.

Anexo II

1. Concurso oposición restrinxido por promoción interna para cubrir unha praza de administrativo de administración xeral no Concello da Pobra do Brollón (grupo C, subgrupo C-1).

1º. Apellido:	D.N.I.:
2º. Apellido:	Teléfono:
Nome:	Móbil:
Enderezo:	e-mail:
Poboación, provincia e C.P.	discapacidade que precise adaptación para o exame (describir): <input type="checkbox"/>

M A N I F E S T A :

- Que e funcionario do Concello da Pobra do Brollón do grupo , subgrupo .
- Que ten unha antigüidade en dito grupo neste concello de anos.
- Que está en posesión do título de .

S O L I C I T A :

Ser admitido nas indicadas probas selectivas.

A Pobra do Brollón, a de de 2021

Sr. Alcalde do Concello da Pobra do Brollón.

A Pobra do Brollón, 29 de xaneiro de 2021.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 0239

RÁBADE

Anuncio

En cumprimento do disposto no artigo 169 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, texto refundido da Lei de Facendas Locais, exponse ó público que o Pleno do Concello, en sesión de 28/01/2021 aprobou inicialmente o presuposto municipal, as bases de execución, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo para o exercicio 2021; por prazo de 15 días os interesados poderán presentar reclamacións ante o Pleno; se durante dito prazo non se presentara ningunha, considerarase definitivamente aprobado.

Rábade, 29 de xaneiro de 2021.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 0240

RIBADEO

Anuncio

Faise público que por acordo plenario de 24 de setembro de 2020 acordouse prestar aprobación inicial á modificación da ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE AXUDAS PARA A CONCILIACIÓN DE VIDA LABORAL E FAMILIAR.

Publicado no BOP de Lugo de data 8 de outubro de 2020 a exposición ao público da devandita modificación outorgando prazo de trinta días para alegacións ou reclamacións foron resoltas, as presentadas por acordó plenario de data 26 de xaneiro de 201, quedando en consecuencia o texto definitivo da Ordenanza de referencia coas modificacións operadas, do seguinte xeito:

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE AXUDAS PARA A CONCILIACIÓN DE VIDA LABORAL E FAMILIAR.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o ano 2008 implantamos unha iniciativa no Concello de Ribadeo baixo o nome Ribadeo unha vila para a conciliación primeiro mediante axudas directas ás ludotecas e posteriormente mediante a súa transformación en axudas directas ás persoas beneficiarias, as familias, de cara a facilitar a conciliación da vida laboral e familiar das familias con menos recursos económicos no Concello. Ademais as diferentes normativa tanto a estatal como a autonómica o recollen como principio básico e veñen promovendo a conciliación das responsabilidades familiares e laborais, así como a incorporación da muller ao mercado de traballo e o desenvolvemento da súa carreira profesional e contribuír ao afianzamento da corresponsabilidade de homes e mulleres no ámbito familiar, en particular no coidado e educación das fillas e fillos menores de idade.

O Real Decreto-Lei 9/2018, de 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, recupera competencias para a Administración Local modificando a súa Disposición Final primeira a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, engadíndose o parágrafo o) ao apartado 2. do artigo 25 :

o) Actuacións na promoción da Igualdade entre mulleres e homes así como contra a violencia de xénero .

Por ende, desde a Administración local tamén queremos colaborar na promoción dun novo modelo de familia baseado na autonomía, no respecto entre todos os seus integrantes e a igualdade de ambos membros da parella, que comparten e dispoñen das mesmas oportunidades de desenvolvemento profesional.

Asimesmo, cabe mencionar que no III Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Ribadeo 2019-2022 na liña Organización social corresponsable e mercado laboral (eixo 4) establecece na acción 4.5 : continuar co programa “Ribadeo. Unha vila para a conciliación”.

O obxecto de modificación da ordenanza actual é a súa adaptación, como medida específica de apoio ás familias no que atinxe ao eido dos coidados das persoas menores de 11 anos, coa finalidade de dar unha resposta urxente aos problemas derivados do coronavirus Covid-19 e aos que se aveciñan nun futuro inmediato no vindeiro curso académico.

Na actualidade, todos os axentes sociais, empresas e Administracións Públicas fundamentalmente, están interiorizando, que o problema dos coidados non se circunscribe exclusivamente ao ámbito persoal e familiar, asumindo que non favorecer a conciliación ten un alto coste social e económico – enfermidades, estrés, fracaso escolar, desprotección infantil, baixo rendemento e absentismo laboral, alta rotación no emprego, etc, A sociedade cada vez é máis conscente que a maior adicación das persoas proxenitoras ás familias, un maior equilibrio entre a súa vida persoal, familiar e laboral ten efectos preventivos en todos os ámbitos. Ademais, está demostrado que

tamén resulta positivo sobre a motivación e a produtividade e que xera unha menor rotación no emprego estar as persoas traballadoras máis satisfeitas coa calidade de vida que disfrutan.

CAPÍTULO I .

Disposicións Xerais

Artigo 1. Fundamento legal, obxecto e ámbito de aplicación

A presente ordenanza ten o seu fundamento legal nos artigos 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local e o 17 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e ten por obxecto a regulación xurídica da prestación de axuda ás familias empadroadas e residentes en Ribadeo para colaborar e paliar os gastos familiares derivados da conciliación da vida laboral e familiar. Con esta axuda subvencionárase parcialmente o custo que supón para as familias, principalmente aquelas con menos recursos, a estadia dos seus fillos e fillas nas ludotecas ou no servizo dos programas para conciliar dos centros educativos radicados no Concello de Ribadeo .

O obxectivo xeral respecto ás persoas responsables de menores é contribuír á harmonización da vida laboral, familiar e persoal a través dun servizo que responda ás necesidades existentes de conciliación por parte fundamentalmente das mulleres no que respecta ao coidado de menores a cargo.

As persoas beneficiarias deberán reunir as condicións que se recollen no artigo 3.

Artigo 2. Crédito orzamentario e período de vixencia

A contía total das axudas estará limitada en cada exercicio ao importe que se consigne para esta finalidade na partida 231.48000 dos Orzamentos Xerais da corporación sen que en ningún caso se poda superar globalmente a contía prevista.

CAPÍTULO II

Persoas beneficiarias

Artigo 3. Requisitos para poder obter esta axuda

Consideráanse persoas beneficiarias:

As/os proxenitores/as ou titor@s legais, ou as persoas que teñan en situación de acollemento familiar ou garda preadoptiva nenos/as menores de 11 anos que para poder realizar unha axeitada conciliación da súa vida laboral e familiar teñan que recorrer aos servizos de ludoteca ou aos programas de conciliación dos centros educativos ubicados no Concello de Ribadeo

Entenderase por familia monoparental a unidade familiar na que forme parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con quen manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

Para ser beneficiario/a deberá cumprir os seguintes requisitos:

1º. A/o menor/a deberá estar empadroado en Ribadeo. Asemade tanto a nai ou no seu caso o pai solicitante ou o/a titor/a legal deberán estar empadroados e ter a súa residencia habitual no Concello de Ribadeo. No caso de separación ou divorcio este requisito só será esixible a/ o proxenitor/a que tivese a garda e custodia.

2º Que a renda da unidade de convivencia non supere os 1800€ netos mensuais se ten un fillo/a ao seu cargo ou 2100€ netos mensuais con dous fillos ou máis ao seu cargo.

3º Non dispor de bens inmobles, distintos á vivenda habitual, sobre os que se posúa un dereito de propiedade, que, polas súas características, valoración, posibilidade de explotación ou venda, indique a existencia de medios suficientes para atender a necesidade para a que se solicita a axuda

4º. O servizo de ludoteca subvencionárase soamente naqueles casos en que se utilicen as horas para conciliar a vida laboral e familiar. No caso das parellas deberán acreditar que os dous membros da unidade familiar traballan fóra do fogar en horarios coincidentes.

5º. Entenderase por conciliación da vida laboral e familiar todas aqueles casos de:

- Ampliación da formación: estudos secundarios, universidade, preparación de oposición ou certificados de profesionalidade, cursos de formación ocupacional, exames ...
- Motivos laborais: horario laboral, entrevista de traballo, horas extra, ...
- Urxencias: casos de enfermidade da persoa que se fai cargo das crianzas (coidador/a), hospitalización dalgún membro da familia,...
- Motivos sociais: familia formada por un só proxenitor/a que cumprindo os criterios económicos, non estea desenvolvendo tarefa profesional algunha e se acredite que está nunha situación psicosocial difícil e se valore necesaria a socialización da/o menor.

Artigo 4. Contía.

A contía da axuda ascenderá a :

- 50% do custe por cada hora de estancia
- 75% do custe por cada hora de estancia ás familias monoparentais e vítimas de violencia de xénero.

As cuantías a percibir no período de un ano non poderán sobrepassar por unidade familiar o 120% do salario mínimo interprofesional vixente (no caso dun menor) o 135 % (no caso de dous menores) , o 145% (tres menores ou máis).

As solicitudes resolveranse por orde de chegada até esgotar a consignación orzamentaria recollida no artigo 2. Terán preferencia, as mulleres vítimas de violencias de xénero.

Artigo 5. Gastos subvencionables.

Son gastos subvencionables os gastos orixinados pola a estadía nas ludotecas ou nos programas de conciliación dos centros educativos do concello sen estenderse esta a outros servizos, que deberán acreditarse do xeito previsto nos artigos seguintes.

Artigo 6. Obrigas das persoas beneficiarias das axudas.

As persoas beneficiarias destas axudas deberán cooperar co Concello cada vez que se lles requira documentación co obxecto de verificar que seguen a cumprir os requisitos. Asemade deberán informar de todos os cambios que se produzan na situación económica, laboral e familiar que deron lugar á concesión ou denegación desta axuda.

CAPÍTULO III

Procedemento

Artigo 7. Formalización da solicitude.

7.1. Lugar de presentación da solicitude.

A presentación das solicitudes para as axudas recollidas na presente ordenanza realizarase a través do Rexistro Xeral da Corporación ou a través da sé electrónica acompañadas de toda a documentación precisa recollida no presente artigo .

7.2. Prazo de presentación.

O prazo para presentar as solicitudes será ao longo de todo o ano.

7.3. Documentación obrigatoria a achegar.

- a) Copia cotexada do Documento Nacional de Identidade (D.N.I.) ou Número de Identificación de Estranxeiría (N.I.E) do pai/nai o titor/a que solicite a axuda. Só no caso de non dispor dos anteriores documentos, achegaranse copias cotexadas os pasaportes.
- b) Copia cotexada do libro de familia. En caso de non dispor de libro de familia achegaranse copias dos certificados de nacemento dos menores para os que se solicite a axuda .
- c) En caso de separación ou divorcio, achegárase copia cotexada da sentenza xudicial e convenio regulador expedido polo Xulgado ou das medidas provisionais impostas.
- d) Documentación acreditativa de ostentar a garda e custodia, mentres dure a actuación subvencionable.
- e) No caso de reunir a condición de ser familia monoparental ou vítima de violencia de xénero os certificados acreditativos de ditas situación segundo a normativa vixente.
- f) Acreditación de ingresos de todos aqueles membros da unidade de convivencia que teñan 16 anos ou máis, sendo válidos calquera destes documentos:
 - a. Declaración da renda do último exercicio liquidado.
 - b. Certificado de pensións emitido pola administración competente
 - c. Nóminas dos dous últimos meses (ou declaración xurada no caso de non ter nómina).
 - d. No caso de ser autónoma/o declaración trimestrais 130 e 300 dos dous últimos trimestres
 - e. Non deberá presentarse o certificado de empadramento, extremo que comprobará directamente este Concello. Pero deberá residir e figurar empadroadada xunto coa filla ou fillo durante o transcurso da actuación subvencionable.
 - f. Xustificante do motivo polo que se solicita a axuda e documentación que permita determinar a necesidade de conciliación da vida laboral e familiar (matrícula de estudos ou inscrición no proceso selectivo, certificado médico, certificado de horarios laborais etc ...)
 - g. Certificación bancaria de conta corrente onde se realizará o ingreso

7.4 Subsanción e mellora da solicitude

Se a solicitude e documentación preceptiva que debe acompañarse a mesma non reunira todos os requisitos establecidos na presente Ordenanza ou o seu contido resultase insuficiente, requirirase á persoa solicitante para que, no prazo de 10 días hábiles resolva as deficiencias ou achegue ou complete os documentos, con indicación de que se non o fixera terase por desistida a súa petición, estando obrigado o órgano xestor das axudas a ditar resolución expresa declarando dita circunstancia, así como a notificala, de conformidade co disposto nos artigos 68.1 e 21.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

7.5. Instrución:

A Alcaldía trasladará a solicitude aos servizos do Centro de Información ás Mulleres. As/Os técnicas/os dese departamento emitirán o correspondente informe-proposta, no que se valorará debidamente a situación que a persoa interesada acreditou documentalmente. Ademais no informe cuantificarase inicialmente o importe da axuda e o número de horas imprescindible para lograr a buscada conciliación da vida laboral e familiar, segundo as características de cada caso.

7.6 Unha vez que estea completo o expediente, este será remitido á intervención municipal para a súa fiscalización previa.

Artigo 8. Procedemento de resolución de solicitudes.

A tramitación das axudas recollidas na presente ordenanza axustarase ao seguinte procedemento:

Inicio: O procedemento iniciarase mediante unha solicitude da persoa interesada en obter a axuda. O/a interesado/a dirixirá a solicitude á alcaldía do Concello de Ribadeo. Coa solicitude achegará a documentación recollida no artigo 7.3.

Resolución: Logo da fiscalización previa, o expediente remitirase á Alcaldía (ou ao órgano que nese momento teña delegada a competencia segundo a Ordenanza Xeral de Subvencións ou as Bases de Execución dos Orzamentos Xerais), para que dite a correspondente resolución administrativa outorgando ou denegando a axuda solicitada.

Artigo 9. Réxime de recursos .

As resolucións expresas ou presuntas que se diten ao abeiro da presente ordenanza porán fin á vía administrativa e contra elas poderá interporse ben o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, a Alcaldía, no prazo dun mes contado a partir da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde a súa notificación, se esta fose expresa, ou de seis meses a partir do día seguinte ao que se produza o acto presunto. No caso de interpor o recurso de reposición, non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do dito recurso.

Artigo 10. Forma e momento do pagamento:

As axudas concedidas faranse efectivas mediante pagamento único no prazo máximo de dous meses tras a notificación da resolución da concesión. Este pagamento terá o carácter de anticipo a conta como financiamento necesario para que o beneficiario poida levar a cabo as actuacións correspondentes á axuda, e queda suxeito á correcta xustificación da aplicación das cantidades obtidas, dando lugar no caso contrario ao reintegro das contías e aos xuros correspondentes.

Artigo 11. Xustificación das axudas.

As persoas beneficiarias das axudas que outorgue o Concello de Ribadeo quedarán sometidas ás obrigas xerais reguladas no artigo 14 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, especialmente a xustificación que se someterá ao disposto nas Bases de Execución dos Orzamentos Xerais sobre a materia e ás recollidas na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ribadeo, de xeito que como mínimo deberá presentarse a seguinte documentación xustificativa:

- a) Declaración xurada de ter cumprido a finalidade para a que se concedeu a axuda
- b) Declaración de non ter recibido no mesmo exercicio axudas para a mesma fin, e en caso de telas recibido enumerar as concedidas e importe das mesmas de calquera Administración ou Ente Público ou privado
- c) Orixinais ou copias cotexadas das facturas e recibos de pago correspondentes ao gasto realizado, así como xustificante de terse realizado o pagamento destas. As facturas que se emitan deben facer referencia ao custe orixinados polo persoal do centro, polos profesionais que levan a cabo o coidado das crianzas, xa que é esa a finalidade da actuación subvencionable.
- d) Declaración xurada de ter xustificado calquera outra axuda ou subvención de calquera tipoloxía que fose concedida con anterioridade polo Concello de Ribadeo
- e) Calquera outra que se estableza para cada caso concreto no correspondente acordo de concesión de axudas.

A documentación relacionada deberá presentarse en todo caso con data límite dun mes dende o momento en que remate o servizo subvencionado polo Concello de Ribadeo, en función do acordo polo que se conceda a axuda.

Artigo 12. Compatibilidade das axudas.

As axudas previstas non serán compatibles con outras que, para a mesma finalidade e polo mesmo período que resulte subvencionable concedan ou podan establecerse por calquera outra Administración Pública.

Artigo 13. Reintegro.

Procederá o reintegro das cantidades obtidas nos seguintes casos:

- a) A obtención da axuda sen reunir os requisitos esixidos para a súa concesión.
- b) Cando incumpran o deber de xustificación do emprego dos fondos recibidos.
- c) Cando incumpran a finalidade da axuda ou as condicións impostas na súa concesión.

O reintegro rexeráse polas disposicións xerais sobre procedemento administrativo contidas no título IV da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e polo artigo 41 e seguintes da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e levará consigo a esixencia do xuro de mora vixente desde o pago da axuda económica. A resolución do procedemento de reintegro porá fin á vía administrativa

Artigo 14. Publicidade.

De conformidade co artigo da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e os artigos 4 e 6 do Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvención e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información necesaria respecto desta convocatoria de axudas económicas.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda expresamente derogada a Ordenanza Municipal de axudas á conciliación da vida laboral e familiar.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

En todo o non previsto na presente ordenanza será de aplicación a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ribadeo e as Bases de Execución dos Orzamentos Xerais sobre a materia. As dúbidas interpretativas que podan xurdir na aplicación da presente ordenanza serán resoltas por Resolución de Alcaldía.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

PRIMEIRO. De conformidade co que dispón o artigo 70.2 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local, esta ordenanza entrará en vigor unha vez que o Concello publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e logo de que transcorra o prazo de quince días hábiles ao que se refire o artigo 65.2 desa lei.

SEGUNDO. Publicar a aprobación das citadas bases no BOP de Lugo así como remitilas á súa vez á páxina web municipal aos efectos de sometelas a Información pública e audiencia dos interesados por un prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.

ANEXOS:

- Modelos de solicitude
- Modelos de xustificación

MODELO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN					
1. DATOS PERSOAIS DA PERSOA BENEFICIARIA					
Nome e Apelidos		DNI/CIF			
Domicilio					
Localidade		Provincia		CP	
Teléfono		Móbil		E -mail	
2. DATOS RELEVANTES					
Motivo polo que se solicita a axuda					
Estancia en ludoteca Programa Bós Días /Boas Tardes					
Período para o cal solicita a axuda					
3. DATOS DA SUBVENCIÓN					
BASES E CONVOCATORIA DA SUBVENCIÓN	<i>BOP N.º 30</i>				
IMPORTE SOLICITADO:	euros				
FINALIDADE DA SUBVENCIÓN:					

Acompaño xunto á solicitude os seguintes documentos:

- Fotocopia cotexada do DNI/CIF ou NIE do pai/nai ou titor/a que solicite a axuda.
- Copia cotexada do Libro de Familia.
- En caso de separación ou divorcio achegárase copia cotexada da sentenza xudicial ou convenio regulador da custodia expedido polo xulgado.
- Acreditación de ser familia monoparental ou vítima de violencia de xénero segundo a normativa vixente.
- Acreditación de ingresos de todos aqueles membros da unidade de convivencia que teñan 16 anos ou máis, sendo válidos calquera destes documentos:
 - Declaración da renda do último exercizo
 - Certificado das pensións ou prestacións emitido pola Administración competente.
 - Nómina dos dous últimos meses.
 - No caso de ser autónoma/o, declaración trimestral 130 e 300 dos últimos trimestres.
- Xustificante do motivo polo que solicita a axuda
- Declaración responsable de que a persoa solicitante non concorre ningunha das circunstancias que impidan obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas, establecidas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.
- Declaración de subvencións solicitadas ou recibidas para o mesmo fin doutras Entidades
- Certificación bancaria que acredite a titularidade de conta a favor da persoa beneficiaria.
- Declaración responsable de estar ao corrente nos pagos á Seguridade Social e Facenda ou autorización ó Concello para acreditar ditos extremos

Por todo o cal declaro que reúno todos os requisitos solicitados nas bases e na convocatoria da subvención, e solicito que a mesma me sexa concedida polo Concello.

Ribadeo, ____ de _____ de 2020

Sinatura da persoa interesada,

DECLARACIÓN XURADA DA PERSOA SOLICITANTE DE TER A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO/A

D./D^a..... con DNI nº

Declaro baixo xuramento e a miña responsabilidade:

- 1. Que non estou incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de novembro, xeral de subvencións, nin nas recollidas nos mesmos apartados do artigo 10 da Lei 9/2007, de xuño, de subvencións de Galicia
- 2. Que non teño pendente de xustificación subvencións anteriores co Concello de Ribadeo
- 3. Que coñezo e acepto as bases da convocatoria e os compromisos que nela se inclúen
- 4. Que cumpro todos os requisitos e obrigas da convocatoria de subvencións para a conciliación da vida laboral e familiar para o ano 2020

..... de de 2020

O/A solicitante

DECLARACIÓN XURADA DA PERSOA SOLICITANTE DAS AXUDAS OU SUBVENCIÓNS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS POR OUTRAS ADMINISTRACIÓNS PARA A MESMA ACTIVIDADE

D./D^a con DNI nº

Declaro baixo xuramento e a miña responsabilidade:

Que non solicitei nin se me concedeu outra axuda ou subvención doutras administracións públicas, entes públicos ou entidades privadas para o fin para a que se solicita a presente subvención.

Que a seguinte táboa sinala a/s outra/s axuda/s ou subvención/s solicitada/s e/ou concedida/s por outras administracións públicas, entes públicos ou entidades privadas, para a conciliación sendo esta a mesma para a que solicitamos subvención ó Concello de Ribadeo ó amparo da convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva para o ano 2020.

RELACIÓN DETALLADA

CONCEPTO (marcar cunha cruz "X")		PROCEDENCIA	IMPORTE
AXUDA	SUBVENCIÓN		
			€
			€
TOTAL			€

Para que conste para os efectos oportunos, asino esta declaración

....., de de 2020

O/A persoa solicitante,

DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA SOLICITANTE DE ESTAR Ó CORRENTE NAS DÉBEDAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

D./D^a..... con DNI nº

Declaro baixo xuramento e a miña responsabilidade:

Que estou ao corrente nas débedas tributarias ou de calquera outra natureza coa Seguridade Social e Facenda Estatal, Autonómica e Local, autorizando neste punto ao Concello de Ribadeo para efectuar as comprobacións que estime oportunas en orde a acreditar estes extremos.

Para que conste para os efectos oportunos, asino esta declaración

..... de de 2020

O/A persoa solicitante,

MODELO DE XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR

XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN					
1. DATOS PERSOAIS DA PERSOA BENEFICIARIA					
Nome e Apelidos		DNI/CIF			
Domicilio					
Localidade		Provincia		CP	
Teléfono		Móvil		E-mail	
2. DATOS DA SUBVENCIÓN					
DATA NOTIFICACIÓN DA CONCESIÓN					
IMPORTE CONCEDIDO:					
FINALIDADE DA SUBVENCIÓN:					
<p>Acompaño xunto á xustificación os seguintes documentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Declaración do gasto realizado. <input type="checkbox"/> Declaración xurada de ter cumprido a finalidade para a que se concedeu. <input type="checkbox"/> Declaración de non ter recibido no mesmo exercicio axudas para o mesmo fin, e en caso de terlas recibido enumerar as concedidas e importe das mesmas de calquera Administración ou ente público ou privado. <input type="checkbox"/> Orixinal ou copia cotexadas das facturas e recibos de pago correspondentes ao gasto realizado, así como o xustificante de terse realizado o pagamento destas. <input type="checkbox"/> Declaración xurada de ter xustificado calquera outra axuda ou subvención de calquera tipoloxía que fose concedida con anterioridade polo Concello de Ribadeo <input type="checkbox"/> Declaración xurada de atoparse ao corrente das obrigas tributarias ou coa seguridade social 					

Por todo o cal declaro que reúno todos os requisitos solicitados nas bases e na convocatoria da subvención, e xustifico a concesión da axuda económica

Ribadeo, de de 2020

DECLARACIÓN DO GASTO REALIZADO

D.^a con DNI e domicilio social en

DECLARO:

- Que o custo total da axuda económica recibida para a conciliación da vida laboral e familiar para cuxa realización o Concello de Ribadeo lle concedeu unha subvención no exercicio 2016 mediante resolución da alcaldía de data ascendeu ao seguinte importe:

BASE	TOTAL IVE	TOTAL

E para que conste, aos efectos oportunos, asino esta declaración.

Ribadeo de de 2020

A persoa beneficiaria.

DECLARACIÓN XURADA

D.^a ----- con DNI ----- con domicilio para os efectos de notificación en -

DECLARO BAIXO XURAMENTO E A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que a axuda económica concedida foi destinada ao fin para o que se concedeu na súa totalidade cumprindo as condicións que orixinaron a concesión da subvención.

E para que conste, aos efectos oportunos, asino esta declaración.

Ribadeo de de 2020

A persoa beneficiaria.

DECLARACIÓN DAS SUBVENCÍONS OU AXUDAS OBTIDASD.^a _____ con DNI _____**DECLARO BAIXO XURAMENTO E A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

Que a actividade para cuxa realización o Concello de Ribadeo lle concedeu unha convocatoria de subvencións para a conciliación da vida laboral e familiar para foi financiada ademais con:

Ningunha outra axuda ou subvención doutras administracións públicas, entes públicos ou entidades privadas.

Ou a/s axuda/s ou subvención/s doutras administracións públicas, entes públicos ou entidades privadas, tal coma figura na seguinte relación detallada das subvencións e axudas obtidas para o mesmo obxecto ou finalidade.

RELACIÓN DETALLADA

CONCEPTO (marque cunha cruz "X")		PROCEDENCIA	IMPORTE
AXUDA	SUBVENCIÓN		
			€
			€
TOTAL AXUDAS OU SUBVENCÍONS			€

E para que conste, asino esta declaración.

Ribadeo a _____ de 2020

A persoa beneficiaria.

DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA BENEFICIARIA DE ESTAR Ó CORRENTE NAS DÉBEDAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

D.^a _____ con DNI _____

Declaro baixo xuramento e a miña responsabilidade:

Que estou ao corrente nas débedas tributarias ou de calquera outra natureza coa Seguridade Social e Facenda Estatal, Autonómica e Local, autorizando neste punto ao Concello de Ribadeo para efectuar as comprobacións que estime oportunas en orde a acreditar estes extremos.

Para que conste para os efectos oportunos, asino esta declaración

Ribadeo a _____

A persoa beneficiaria.

DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA BENEFICIARIA DE ESTAR Ó CORRENTE NA XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS CONCEDIDAS POLO CONCELLO DE RIBADEO.

D.^a con DNI

Declaro baixo xuramento e a miña responsabilidade:

Que estou ao corrente na xustificación de calquera outra axuda ou subvención de calquera tipoloxía que se me concedeu con anterioridades polo Concello de Ribadeo, autorizando neste punto ao Concello de Ribadeo para efectuar as comprobacións que estime oportunas en orde a acreditar estes extremos.

Para que conste para os efectos oportunos, asino esta declaración

Ribadeo a de de 2020

A persoa beneficiaria.

O que se fai público para xeral coñecemento facendose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do T.S.X.G. no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da publicación. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

Ribadeo, 29 de xaneiro de 2021. O alcalde, Fernando Suárez Barcia, O secretario, José Rodil Veiga.

R. 0241

TRABADA

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía de 28 de xaneiro de 2021, prestouse aprobación inicial da Taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga correspondente ao (6º bimestre do ano 2020), expónse ao público polo prazo de quince días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P de Lugo.

Recurso: Contra o decreto de aprobación do padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, poderá interperse recurso de reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón.

Órgano ante o que se recorre: Alcaldía do Concello de Trabada.

Contra a resolución expresa ou presenta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entende producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos serán cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, desde o 10 de febreiro de 2021 ata o 10 de abril de 2021. Finalizado o exercicio pasarase ao seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Trabada, 28 de xaneiro de 2021.- A Alcaldesa, Mayra García Bermúdez.

R. 0244

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

Anuncio

Dª MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 003 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 0000137/2020 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de DON ANTONIO SEOANE GARCIA, contra la empresa "ITECSA BIERZO, S. L.", sobre ORDINARIO, se ha dictado decreto, en fecha 29.01.21, cuya parte dispositiva es del tenor literal siguiente:

“Acuerdo:- a) Declarar a la parte ejecutada “ITECSA BIERZO, S. L.”, en situación de INSOLVENCIA, por importe de 1.483,83 euros, insolvencia que se entenderá, a todos los efectos, como provisional.- b) Archivar las actuaciones previa anotación en el Libro correspondiente, y sin perjuicio de continuar la ejecución si en lo sucesivo se conocen nuevos bienes del ejecutado.- Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo, deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.- MODO DE IMPUGNACIÓN:** Contra la presente resolución cabe recurso directo de revisión que deberá interponerse ante quien dicta la resolución en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a la notificación de la misma con expresión

de la infracción cometida en la misma a juicio del recurrente, art. 188 LJS. El recurrente que no tenga la condición de trabajador o beneficiario de régimen público de la Seguridad Social deberá hacer un depósito para recurrir de 25 euros, en la cuenta nº 2324 en el BANCO SANTANDER, debiendo indicar en el campo concepto, "recurso" seguida del código "31 Social-Revisión de resoluciones Letrado de la Administración de Justicia". Si el ingreso se hace mediante transferencia bancaria deberá incluir tras la cuenta referida, separados por un espacio con la indicación "recurso" seguida del "31 Social-Revisión de resoluciones Letrado de la Administración de Justicia". Si efectuare diversos pagos en la misma cuenta deberá especificar un ingreso por cada concepto, incluso si obedecen a otros recursos de la misma o distinta clase indicando en el campo de observaciones la fecha de la resolución recurrida utilizando el formato dd/mm/aaaa. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.- **LA LETRADA DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA,**"

Y para que sirva de NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a "ITECSA BIERZO, S. L.", en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, veintinueve de enero de dos mil veintiuno.- **LA LETRADA DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA,**

R. 0245
